aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de conformidade cos artigos 22.2.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva o seguinte **INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**:

PRIMEIRO. Aprobar a **IMPLANTACIÓN POLÍTICA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE ABEGONDO**, o texto íntegro figura como Anexo.

SEGUNDO. O presente acordo terá efectos dende a data da súa adopción, sen prexuízo da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica do Concello de Abegondo.

Se o Ditame que a Comisión eleve ao Pleno coincide coa anterior proposta, o que subscribe informa, en cumprimento do artigo 54 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que devandito Ditame se adecuará á Lexislación aplicable.

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Silvia Taboada Carro, Roberto Gómez Lesta e María Ángeles Vilas Pedreira)
Abstencións: 1 Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

5.COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR FUNCIÓNS DE TESOURERÍA DO CONCELLO DE ABEGONDO ATA O NOMEAMENTO DO TESOUREIRO DA AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO E CARRAL

Dáse **conta dunha proposta informada** favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral.

ASUNTO: COMPLEMENTO PRODUTIVIDADE POR FUNCIÓNS DE TESOURERÍA DO CONCELLO DE ABEGONDO ATA O NOMEAMENTO DO TESOUREIRO DA AGRUPACIÓN DOS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO E CARRAL

EXPEDIENTE: 2023/X999/000051

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 26.01.2023, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional emito o seguinte, **INFORME**

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Os Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Está pendente de ocuparse o posto de Tesourería por parte de un funcionario de Habilitación de Carácter Nacional, para a agrupación voluntaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de Tesourería.

SEGUNDO. É necesario proceder de forma transitoria atribuír un complemento de produtividade para o funcionaria ou funcionario do Concello de Abegondo, que desempeñe as funcións de Tesoureiro para garantir a actuación e funcionamento da entidade local, mentres non se nomee o funcionario de Habilitación de Carácter Nacional para a agrupación dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de Tesourería.

TERCEIRO. Consta no expediente informe do responsable do xefe de servizo

CUARTO. Consta no expediente providencia de inicio.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.3 e 24.c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- O artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local.
- O artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Os artigos 21.1.g) e 93.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO. De acordo co artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, son funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais:

“Artigo 92 bis b) O control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación”.

SEGUNDO. Sinala o artigo 24 do Estatuto Básico do Empregado Público que a contía e estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios estableceranse polas correspondentes Leis de cada Administración Pública, atendendo a determinados factores. A continuación, na súa letra c) devandito precepto indica como factor para a determinación do complemento de produtividade o grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

De conformidade coa Disposición Final Cuarta do Estatuto Básico do Empregado Público, seguirá sendo de aplicación, ata que se diten as Leis da Función Pública de desenvolvemento de devandito Estatuto, o sistema retributivo da Lei 30/1984 de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

O complemento de produtividade, de conformidade co artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local, está destinado a retribuir o especial



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desempeña o seu traballo.

TERCEIRO. O complemento de produtividade é un concepto retributivo non referido ao contido do posto de traballo, senón ao funcionario en concreto. A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

O pago do complemento de produtividade durante un período de tempo non orixina un dereito individual nin respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, pero non pode deixar de abonarse sen que se motive a causa (Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 9 de marzo de 2001 en relación co artigo 5.3 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local).

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

CUARTO. Corresponde ao Pleno de cada Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación de complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2. b) do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local.

QUINTO. O procedemento para levar a cabo a [asignación/modificación/supresión] do complemento de produtividade é o seguinte:

A. O inicio do expediente será por parte do responsable do servizo do empregado ao que se lle quere conceder a produtividade, a través da emisión dun informe fundamentado, de conformidade co artigo 172 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

B. Visto o informe de fiscalización, corresponderá ao Alcalde ou ao Presidente da Corporación, de acordo co establecido no artigo 5.6 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, a asignación individual do complemento de produtividade, con suxeición aos criterios que no seu caso estableza o Pleno, sen prexuízo das delegacións que poida conferir conforme ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

C. Emitida a Resolución de Alcaldía ou do Presidente da Corporación darase traslado da mesma á Intervención, a Tesouraría e ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e efectos.

D. A resolución notificarase aos interesados.

Visto canto antecede e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

PRIMEIRO. Asignar a funcionaria ou funcionario do Concello de Abegondo, que desempeñe as funcións de Tesourería na entidade local, mentres non se nomee o funcionario con Habilitación de Carácter Nacional para o posto de Tesourería da agrupación dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral. O complemento de produtividade asignado será de 250 euros.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

SEGUNDO. Suprimirase as asignacións do complemento de produtividade percibido por a funcionaria ou funcionario que realice as funcións de Tesoureiro, no momento en que se nomee ao tesoureiro, que será un Funcionario con Habilitación de Carácter Nacional, para a agrupación dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, xa que o funcionario deixou de desempeñar as súas funcións con especial rendemento, actividade extraordinaria, interese e iniciativa.

TERCEIRO. Dar traslado desta resolución aos Servizos de Persoal, a Intervención e a Tesouraría.

CUARTO. Notificar a Resolución aos interesadoso

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Silvia Taboada Carro, Roberto Gómez Lesta e María Ángeles Vilas Pedreira)
Abstencións: 1 (Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

6.XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO DE EXPLOTACIÓN DO CAMPAMENTO TURÍSTICO DE BECHE, CONCELLO DE ABEGONDO, MEDIANTE CONCESIÓN.

Dáse conta dunha proposta informada favorablemente por a Comisión Informativa de Asuntos en Xeral

ASUNTO: XESTIÓN DO SERVIZO PUBLICO DE EXPLOTACIÓN DO CAMPAMENTO TURÍSTICO DE BECHE, CONCELLO DE ABEGONDO, MEDIANTE CONCESIÓN.

EXPEDIENTE: 2022/C004/000004-2023/G006/000013

PLAN: Municipal

PROCEDEMENTO: Concesión por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Quedou acreditada a necesidade municipal que por persoa física ou xurídica externa e capacitada realice o contrato debido á insuficiencia de medios persoais e materiais para a súa realización do “**xestión do servizo público de explotación do campamento turístico de Beche do Concello de Abegondo**”. A proposta do servizo é asumida polo órgano de contratación neste acordo de iniciación do expediente.

SEGUNDO. Foi emitido informe técnico, acerca da idoneidade do contrato.

TERCEIRO. Foi emitido o informe de Intervención.

CUARTO. Foi emitido o informe por Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é o Pleno.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

QUINTO. Decreto de Alcaldía núm. 483/2022 de data 21/11/2022 dispoñendo o inicio do procedemento de contratación por procedemento aberto en base aos informes técnicos (memoria xustificativa da contratación, non división en lotes, insuficiencia de medios).

SEXTO. Foron redactados e incorporado ao expediente o prego administrativo e o prego de condicións técnicas que deben rexer a adxudicación.

SÉTIMO. Consta informe de fiscalización expediente fase A de data 20/11/2022.

OITAVO. Acordo do Pleno na sesión realizada o 29 de novembro de 2022 polo que se aproba o expediente de contratación, mediante procedemento aberto para a **xestión do servizo público de explotación do campamento turístico de Beche, Concello de Abegondo, mediante concesión**, convocando a súa licitación.

NOVENO. Publicouse anuncio no perfil do contratante a través da plataforma de contratación do sector público para a presentación de ofertas por procedemento aberto ordinario (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática).

DÉCIMO. No prazo para a presentación das propostas, unha empresa presenta a súa oferta como queda constancia no expediente, segundo acta do 10/01/2023:

Licitador	CIF
Inversiones turísticas Beche S.L	B72929797

UNDÉCIMO. Procédese á cualificación dos documentos presentados en tempo e forma, procedendo á apertura do arquivo electrónico sobre B (criterios ponderables mediante xuízo de valor:levantamento topográfico,organigrama persoal, programa de limpeza, Control de calidade, instalación de medios,planos,principios de xestión regulación pormenorizados usuarios, estudio económico,anexo infografías, tarifas dos servizos). Comprobado que o contido do arquivo B axústanse ao prego, danse por admitida a oferta (acta de data 11/01/2023).

Dáse traslado ó coordinador de obras e urbanismo do arquivo B do licitador que conteñen as referencia técnicas (criterios ponderables mediante xuízo de valor:levantamento topográfico,organigrama persoal, programa de limpeza, Control de calidade, instalación de medios,planos,principios de xestión regulación pormenorizados usuarios, estudio económico,anexo infografías, tarifas dos servizos) para a súa valoración. Segundo informe do coordinador de obras e urbanismo do 11/01/2023, a valoración obtida polo licitador é a seguinte:

	Criterio	Puntos
Inversiones turísticas Beche S.L.	levantamento topográfico	1
	organigrama persoal	1
	programa de limpeza	4
	Control de calidde	1
	instalacion de medios	3,5
	planos	4



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

	programa de traballo	1,5
	principios de xestion	3
	regulacion pormenorizados usuarios	3,5
	estudio economico	1,5
	anexo infografias	1,5
	tarifas dos servizos	1
	Total	26,5

DUODÉCIMO. Establécese como requisito imprescindible para continuar no proceso selectivo unha puntuación mínima do 50% dos puntos asignados na fase I, non continuaranno proceso, quedando excluídos na fase II e do procedemento de adjudicación na Fase I (Criterios non avaliábeis de forma automática/obxectiva: proxecto técnico+plataforma informática). Os licitadores que non acaden esta puntuación mínima resultarán excluídos do procedemento de contratación e a súa oferta non poderá ser obxecto de valoración na Fase II.

O único licitador presentado Inversiones turísticas Beche S.L , acada a puntuación mínima esixida para continuar co procedemento de licitación con 26,5 puntos.

DÉCIMO TERCEIRO. A continuación procédese á apertura do sobre C (oferta económica e referencias avaliábeis automaticamente): segundo a acta da mesa de contratación do 11/01/2023, a valoración da oferta económica e demais criterios avaliábeis mediante fórmulas (aumento canon anual, oferta económica, redución prazo, aumento tempo concesión) presenta o seguinte resultado:

Licitador	aumento canon anual	oferta económica	redución prazo	aumento tempo concesión	TOTAL
Inversiones turísticas Beche S.L	0	21	15	15	51

Obtén o seguinte resumo da puntuación total:

Licitador	Total puntuación criterios non avaliábeis economicamente	Total puntuación criterios avaliábeis economicamente	Puntos totais
Inversiones turísticas Beche S.L.	26,5	51	77,5

DÉCIMO CUARTO. Con base nas valoracións obtidas, a mesa de contratación propón a adjudicación do contrato á empresa Inversiones turísticas Beche S.L., por ser a que mellor puntuación obtivo , requiríndolle que presente no prazo de 10 días hábiles a documentación esixida no prego de cláusulas. Ademais deberá constituírse a garantía



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

definitiva.

A empresa Inversiones turísticas Beche S.L. presenta en tempo e forma a documentación esixida.

DÉCIMO QUINTO. Foi emitido o informe de Intervención sobre a fiscalización do expediente 28 /01/2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- ▣ A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- ▣ A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- ▣ A Lei 40/2015, do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público
- ▣ A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- ▣ Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de febreiro de 2014
- ▣ Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2011, do 12 de outubro (RXLCAP), modificado polo RD 773/2015 do 28 de agosto.
- ▣ Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD 817/2007 do 30 de outubro
- ▣ Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. A empresa Inversiones turísticas Beche S.L., con CIB72929797, foi a que mellor puntuación obtivo e a documentación achegada é suficiente para proceder á adxudicación do contrato “**xestión do servizo público de explotación do campamento turístico de Beche, Concello de Abegondo, mediante concesión**” (2022/C004/000004) , de acordo coa oferta presentada pola empresa licitadora.

SEGUNDA. O expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, polo que procede a súa aprobación, de acordo co previsto Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

TERCEIRA. A división en lotes suporía un atraso na adxudicación do investimento, e polo tanto na súa execución, pola necesidade de realizar, con carácter previo á licitación, tarefas técnicas e administrativas de división en lotes do proxecto ou prego e, como consecuencia, polo incremento do número de expediente de contratación.

CUARTA. O órgano de contratación é o Pleno do Concello de Abegondo, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da LCSP.

Á vista do exposto e de conformidade co que preceptúan os artigos 22.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 64.2 da Lei de administración local de Galicia, así como a disposición adicional II do LCSP,
PROPOÑO:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa Inversiones turísticas Beche S.L., con CIF B72929797 , o contrato de “**xestión do servizo público de explotación do campamento turístico de Beche, Concello de Abegondo, mediante concesión**” (2022/C004/000004), por o prazo de **VINTE ANOS** con base no contido da súa oferta.

Ofrece o seguinte canon anual:

- A) Prezo sin IVA: 7.200,00 Euros.
- B) Imposto sobre o Valor engadido (IVA) 21 %. Importe 1.512,00 euros
- C) TOTAL (A+ B) 8.712,00 EUROS

Ofrece a seguinte inversión:

- A) Prezo sin IVA: 1.071.000,00 Euros.
- B) Imposto sobre o Valor engadido (IVA) 21 %. Importe 224.910,00 euros
- C) TOTAL (A+ B) 1.295.910,00EUROS

Ofrece o seguinte aumento na inversión:

- A) Prezo sin IVA: 312.595,15 Euros.
- B) Imposto sobre o Valor engadido (IVA) 21 %. Importe 65.644,98 euros
- C) TOTAL (A+ B) 378.240,13 EUROS

SEGUNDO. O prazo de execución de 18 meses, o cal supón unha redución do prazo de execución de 6 meses respecto ao prazo de execución que figura no presente prego.

TERCEIRO.- Con todo, ou concesionario vira obrigado a continuar coa explotación do campamento turístico de Beche tras dito prazo, por un prazo máximo de SEIS MESES, en caso de atoparse en tramitación unha nova adxudicación

CUARTO.- Unha vez expirada a concesión reverterá todo o complexo turístico no concello de Abegondo

QUINTO.- A empresa debera tramitar e contar coas diferentes autorizacións da Consellería de cultura e Turismo da Xunta de Galicia, para a apertura do Campamento Turístico de Beche

SEXTO. Notificar ao representante da adxudicataria do contrato, a presente resolución e citarlle para a firma do contrato que terá lugar na Casa Consistorial na data que se acorde por teléfono co contratista. En todo caso a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 153 da Lei de contratos do sector público.

SÉTIMO. Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios a través da plataforma de contratación do estado.

OITAVO. Publicar a formalización do contrato na Plataforma de contratación do sector público con enlace a través da páxina www.abegondo.gal no prazo de corenta e oito días a contar dende a data do presente acordo.

A continuación procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O
D E
A B E G O N D O
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Votos a favor: 11 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Silvia Taboada Carro, Roberto Gómez Lesta e María Ángeles Vilas Pedreira)
Abstencións: 1 (Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que a proposta queda aprobada por maioría dos membros presentes.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO.
7. DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos decretos de Alcaldía.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se realizan nin rogos nin preguntas

Ás 14:40 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario accidental

José Antonio Varela Doval



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.